

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 15 de marzo de 1994 pola que se regulan os prezos privados que se aplicarán pola prestación dos servicios da biblioteca da Escola Galega de Administración Pública.

A Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia establece a posibilidade de obtención de recursos por parte dos órganos da Administración, entes e organismos autónomos como consecuencia da cesión, alleamento ou prestación de servicios.

Así mesmo, o Regulamento de organización e funcionamento da Escola Galega de Administración Pública establece, no seu artigo 18, como un dos medios económicos cos que contará a escola para o cumprimento dos seus fins «os dereitos de matrícula e demais dereitos e taxas por prestación de servicios».

Na súa virtude, vista a proposta formulada pola Escola Galega de Administración Pública, esta consellería,

DISPÓN:

Artigo 1º A presente orde ten por obxecto o establecemento de normas de xestión e os prezos a aplicar pola prestación de servicios da biblioteca da EGAP.

Artigo 2º A reproducción de materiais que se soliciten á biblioteca estará destinada á investigación ou estudos e nunca a fins lucrativos. A este respecto a EGAP non se responsabiliza do uso que poida facerse das reproducções en contra da Lei de propiedade intelectual e/ou calquera outra disposición legal que as afecte.

Artigo 3º O pagamento dos servicios efectuarase mediante ingreso nunha conta aberta a nome da Escola Galega de Administración Pública.

Unha vez realizado o ingreso o usuario remitiralle á biblioteca copia do resgado ou xustificante del, indicando a referencia á que corresponde.

Artigo 4º As tarifas que deberán aboa-los usuarios son as seguintes:

—Buscas bibliográficas autoinvestigadas en CD-ROM: 25 ptas. por páxina.

—Buscas on line: 150 ptas. minuto.

—Tarifas reproduccións:

* Fotocopia simple.

DIN A4: 10 ptas. copia.

DIN A3: 25 ptas. copia.

* Fotocopias remitidas por correo.

A Santiago de Compostela: 20 ptas. páxina.

A outra localidade do territorio nacional: 25 ptas. páxina.

* Fotocopias enviadas por fax.

Están suxeitas ás tarifas establecidas pola compañía telefónica.

A taxa da primeira páxina inclúe a cabeceira da mensaxe.

Local: 100-50.

Provincial: 150-75.

Nacional: 250-125.

Artigo 5º As tarifas incluídas na presente orde entenderánse, se é o caso, con IVE incluído.

Artigo 6º Os ingresos xerados pola prestación do servicio repercutiránse no orzamento da escola.

Artigo 7º Os prezos aprobados pola presente orde non lle serán de aplicación ós profesores que impartan as actividades formativas na escola e ós beneficiarios das súas bolsas e axudas mentres dure o seu período de desfrute.

Disposición final

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 1994.

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conselleiro da Presidencia e Administración Pública

Resolución do 18 de maio de 1994, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se emprazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo número 01/0000606/1994, interposto por Ana María López Peña.

Con data do 10 de maio de 1994, a Dirección Xeral da Función Pública recibe da Sala do Contencioso-Administrativo, sección primeira do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, providencia pola que se admite o recurso contencioso-administrativo número 01/0000606/1994, interposto por Ana María López Peña, contra resolución da Consellería da Presidencia e Administración Pública do 2-3-1994, desestimatoria de recurso interposto contra comunicación do 30-6-1993 do Sergas-Ourense, sobre cambio de denominación da Xefatura de Sección de Control Presupuestario.

En consecuencia, esta dirección xeral acordou nesta data, e de conformidade co disposto no artigo 64 da Lei do 27 de decembro de 1956, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, modificada pola Lei 10/1992, do 30 de abril, a remisión do correspondente expediente administrativo á referida sala, o que se notifica para xeral coñecemento a tódalas persoas interesadas no procedemento e se emprazan para que poídan comparecer como parte en autos na Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de nove días.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 1994.

Joaquín López-Rúa Soler
Director xeral da Función Pública